

Número 12 - Ano 2016

BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

27 de outubro de 2016

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap12

Asunto: EXTRACTO ACORDOS PLENO ORDINARIO DO 27-10-2016

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/178 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2016.

A) PARTE RESOLUTIVA

2/179 **EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (TSXG) Nº 35/2015, DO 22-01-15, RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4386/2011, INTERPOSTO POR D. MANUEL RAMIRO LÓPEZ LÓPEZ, Dª SARA DÍAZ GONZÁLEZ E A ENTIDADE MERCANTIL "CONSTRUCCIONES ARCOBAR, S.L.", CONTRA A ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO: APROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA E REMISIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (CMAOT).**- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar, dentro da competencia municipal, a documentación técnica elaborada pola Arquitecta de EVISLUSA dona Susana Penedo Souto en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 35/2015, do 22 de xaneiro de 2015, recaída no recurso contencioso-administrativo nº 4386/2011, interposto por don Manuel Ramiro López López, dona Sara Díaz González e a entidade mercantil "CONSTRUCCIONES ARCOBAR, S.L.", contra a orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), sobre aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

A devandita sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 35/2015, do 22 de xaneiro de 2015, declarada firme por resolución de data do 28 de abril de 2015, literalmente fallou:

"Que debemos ESTIMAR PARCIALMENTE el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Procurador D. José-Martín Guimaraens Martínez, en nombre y representación de D. Manuel Ramiro López López, Dª Sara Díaz González y la entidad Construcciones Arcobar, S.L., contra la Orden de 29 de abril de 2011 sobre la aprobación definitiva del Plan General de Ordenación Municipal del Concello de Lugo, de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, publicada en el DOG de 16 de mayo de 2011; en el sentido de que procede dejar sin efecto la clasificación de la finca litigiosa como suelo rústico de especial protección agropecuaria, si bien procede confirmar la declaración como de especial protección forestal. Sin condena en costas."

SEGUNDO.- Remitirle este acordo e a devandita documentación técnica á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT), cara a súa aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Notificarlle este acordo ó TSXG coa devandita documentación técnica, para o seu coñecemento e oportunos efectos.

3/180 EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (TSXG) Nº 128/2015, DO 26-02-15, RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4249/2012, INTERPOSTO POR D. ALEJANDRO ALCALDE PAZ, CONTRA A ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO: APROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA E REMISIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (CMAOT).- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar, dentro da competencia municipal, a documentación técnica elaborada pola Arquitecta de EVISLUSA dona Susana Penedo Souto en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 128/2015, de data do 26-02-15, e do auto da Sala de aclaración desta, de data do 18-3-15, que estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo nº 4249/2012, interposto por D. Alejandro Alcalde Paz, contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), do 29-04-11, sobre aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

A devandita sentenza, declarada firme por resolución de data do 26-2-15, literalmente fallou:

“Que debemos estimar parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Procurador D. Ignacio Pardo de Vera López, en nombre y representación de D. Alejandro Alcalde Paz, contra la Orden de 29 de abril de 2011 sobre la aprobación definitiva del PGOM del Ayuntamiento de Lugo, que declaramos contraria a derecho respecto a la clasificación establecida para la finca definida en la demanda como “polígono 5-6-7-8”, que deberá clasificarse como suelo de núcleo rural hasta el límite marcado por la línea perimetral de 50 metros y como área de expansión en la parte restante. Sin imposición de costas.”.

Por auto do TSXG de aclaración de Sentenza, de data do 18-3-15, a Sala acordou literalmente o seguinte:

“Aclarar la parte dispositiva de la sentencia dictada en el presente proceso y sustituir las palabras “para la finca definida en la demanda como “polígono 5-6-7-8”, que deberá clasificarse como suelo de núcleo rural hasta el límite marcada por la línea perimetral de 50 metros y como área de expansión en



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap12

Asunto: EXTRACTO ACORDOS PLENO ORDINARIO DO 27-10-2016

la parte restante” por las siguientes: “para el terreno de la finca del hecho segundo de la demanda definido como polígono 5-6-7-8, que deberá clasificarse como suelo de núcleo rural hasta el límite marcado por la línea perimetral de 50 metros, y como área de expansión en la parte restante de la finca”.

SEGUNDO.- Remitirle este acordo, a devandita documentación técnica e o informe da Arquitecta de EVISLUSA dona Susana Penedo Souto relativo ó escrito da parte actora, de data do 2-9-16, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT), cara a súa aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Notificarlle este acordo ó TSXG coa devandita documentación técnica e o Informe da Arquitecta de EVISLUSA, citado no parágrafo anterior, para o seu coñecemento e oportunos efectos.

FACENDA LOCAL

4/181 LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE SEN USO DEFINIDO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA K4.4, PRESENTADA POR ÓSCAR MARIO LÓPEZ MATO EN REPRESENTACIÓN DE LUCLIMAT, S.L.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA INADMITIR A TRÁMITE**, por extemporánea, a solicitude na que se insta a declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela K.4.4, presentada por Óscar Mario López Mato, en representación de LUCLIMAT, S.L., con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

5/182 LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE SEN USO DEFINIDO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA K4.3, PRESENTADA POR ÓSCAR MARIO LÓPEZ MATO EN REPRESENTACIÓN DE LUCLIMAT, S.L.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA INADMITIR A TRÁMITE**, por extemporánea, a solicitude na que se insta a declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela K.4.3, presentada por Óscar Mario López Mato, en representación de LUCLIMAT, S.L., con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

4

CSV: QZpg5uXw/qYrirNdc5xbPA==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

PAXINA: 4 / 13

DATAS(UTC)

07/11/2016 18:36:51



6/183 MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE LUGO. SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 1/2016.- O Excmo. Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (1/2016) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
01100.91300	Amortiz. Prést. L/P entes fora sector público	6.116.531,99 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	6.116.531,99 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

7/184 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 4/2016.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar o recoñecemento e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito por importe total esixible de 34.735,36 € (Imputación orzamentaria 34.483,36 e IVE Deducible 252,00), con cargo ás aplicacións orzamentarias, conceptos, e importes seguintes:

CÓDIGO FRA.	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚMERO FACTURA	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE BASE	IVA DED.
7073	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321185119028	93301.22102	64,20	0,00
7074	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321185765415	32000.22102	116,40	0,00
7076	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321185119050	93301.22102	87,89	0,00
R26549/16	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321113012360	34210.22102	3.404,30	0,00
R26549/16A	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321114722518	32384.22102	60,58	0,00
R26549/16B	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321113012388	13200.22102	95,88	0,00
R26549/16B	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321114511702	13200.22102	109,11	0,00
R26549/16B	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115923300	13200.22102	105,54	0,00
R26549/16B	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321117173516	13200.22102	521,64	0,00
R26549/16C	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321112650515	23167.22102	321,58	0,00
R26549/16C	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115785403	23167.22102	780,85	0,00
R26549/16D	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321113012348	23166.22102	316,58	0,00



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap12

Asunto: EXTRACTO ACORDOS PLENO ORDINARIO DO 27-10-2016

R26549/16D	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321114512455	23166.22102	357,06	0,00
R26549/16D	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115923264	23166.22102	1.264,21	0,00
R26549/16D	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321117173482	23166.22102	1.870,38	0,00
R26549/16E	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE14321153410977	92400.22102	28,65	0,00
R26549/16F	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321113012357	32382.22102	145,38	0,00
R26549/16F	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115923269	32382.22102	787,02	0,00
R26549/16F	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321117173489	32382.22102	934,07	0,00
R26549/16F	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321114511683	32382.22102	269,56	0,00
R26549/16G	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321107664073	32383.22102	1.301,19	0,00
R26549/16G	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321112650513	32383.22102	293,33	0,00
R26549/16G	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115789376	32383.22102	1.094,00	0,00
R26549/16H	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE14321153410958	34290.22102	54,92	0,00
R26549/16H	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321116422136	34290.22102	250,30	0,00
R26549/16H	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321113604070	34290.22102	70,29	0,00
R26549/16I	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321113012356	92400.22102	95,88	0,00
R26549/16I	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321114511682	92400.22102	109,11	0,00
R26549/16I	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115785396	92400.22102	231,05	0,00
R26549/16J	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321112650505	23150.22102	26,00	0,00
R26549/16J	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE14321153410954	23150.22102	90,08	0,00
R26549/16J	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115785392	23150.22102	175,53	0,00
R26549/16K	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321117173514	33430.22102	117,82	0,00
R26549/16K	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321115923298	33430.22102	105,81	0,00
R26549/16K	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321114511700	33430.22102	109,11	0,00
R26549/16K	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE12321113012386	33430.22102	95,88	0,00
R03677/16	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE13321128308590	92400.22102	26,12	0,00
R36772/16D	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE13321136761220	92400.22102	294,19	0,00
R36772/16C	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE13321124960514	92400.22102	106,02	0,00
R36772/16B	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE13321132564244	92400.22102	26,57	0,00
R36772/16A	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE13321122074596	92400.22102	26,57	0,00
R36772/16E	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE13321120215349	92400.22102	6.717,30	0,00
R036770/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371053616300	23171.22102	35,14	0,00
7078	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371076256968	23163.22102	74,39	0,00
R027994/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539935	23163.22102	65,09	0,00
R36770/16K	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371051473783	23171.22102	451,68	0,00
R36770/16J	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371055407766	23171.22102	188,03	0,00
R36770/16I	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371057075876	23171.22102	168,98	0,00
R36770/16H	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371058857993	23171.22102	147,12	0,00
R36770/16G	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371055407765	23171.22102	118,29	0,00
R36770/16F	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371057075875	23171.22102	69,97	0,00
R36770/16E	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371055407774	23171.22102	51,41	0,00
R36770/16D	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371057075880	23171.22102	50,76	0,00
R36770/16C	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371053616301	23171.22102	43,69	0,00
R36770/16B	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371058796018	23171.22102	36,80	0,00
R36770/16A	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371058796017	23171.22102	36,80	0,00
R053978/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371074816023	92400.22102	69,73	0,00
8127	A81948077	ENDESA ENERGIA SAU	P1M501N0452727	16100.22100	339,31	0,00
8094	A81948077	ENDESA ENERGIA SAU	POZ517N0041498	16100.22100	1.567,85	0,00
R044433/15	B27201367	ASOGAL CONSTRUCCIONES SL	OB-2015082	16100.21000	1.200,00	252,00

CSV: QZpg5uXw/qYrirNdc5xbPA==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

PAXINA: 6 / 13

DATAS(UTC)

07/11/2016 18:36:51



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: 16extractoap12

Asunto: EXTRACTO ACORDOS PLENO ORDINARIO DO 27-10-2016

R14340/14	B27201367	ASOGAL CONSTRUCCIONES SL	OB-2014040	15300.61100	1.265,99	0,00
R033571/16	B27257765	FERREIRO INDUSTRIALES SUMINISTROS	1520000789	34100.21300	11,17	0,00
R033575/16	B27257765	FERREIRO INDUSTRIALES SUMINISTROS	1520000970	92005.21400	29,52	0,00
R033577/16	B27257765	FERREIRO INDUSTRIALES SUMINISTROS	1520000969	34100.21300	30,14	0,00
R040651/16	B27321926	TA TA TA COMUNICACIÓN SL	2772	33000.22699	2.500,00	0,00
R037224/16	B39540760	VIESGO ENERGIA SL	A.P. RURAL ST. MATIAS (7 FRAS)	16520.22100	705,37	0,00
R033301/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	153095690	93301.22100	64,18	0,00
R033302/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	154569396	93301.22100	107,62	0,00
R033305/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	140041920	93301.22100	161,91	0,00
R033308/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	140041924	93301.22100	81,71	0,00
R033313/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	140041925	93301.22100	32,22	0,00
R033292/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	151823994	93301.22100	100,19	0,00
R033287/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	136642998	93301.22100	52,82	0,00
R033283/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	117003392	93301.22100	86,06	0,00
R033281/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	111927992	93301.22100	123,49	0,00
R033279/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	108143298	93301.22100	124,05	0,00
R033276/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	106312598	93301.22100	70,38	0,00
R032032/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	132666793	93301.22100	18,04	0,00
R032024/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	121922090	93301.22100	82,16	0,00
R032019/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	117003293	93301.22100	62,65	0,00
R032004/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	111927893	93301.22100	52,84	0,00
R031988/16	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	106311897	93301.22100	67,45	0,00
R71246/12	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	129300992	93301.22100	82,43	0,00
R56731/12	B85551273	COMPAÑIA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA SL	125853994	93301.22100	84,13	0,00
R060166/15	B85826832	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS SLU	5626201568001050	15300.21000	713,85	0,00
SUBTOTALS					34.483,36	252
TOTAL					34.735,36€	

PROPOSICIÓN

7



MURALLA patrimonio da humanidade

CSV: QZpg5uXw/qYrirNdc5xbPA==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

PAXINA: 7 / 13

DATAS(UTC)

07/11/2016 18:36:51



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap12

Asunto: EXTRACTO ACORDOS PLENO ORDINARIO DO 27-10-2016

8/185 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 293/2016 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RÉXIME LOCAL PRESENTADA NO CONGRESO DOS DEPUTADOS.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Apoiar a tramitación de dita proposición de lei e, por tanto, apoiar a derogación e modificación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local no Congreso dos deputados.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados a que faciliten e apoiem un proceso participativo no que estean representados os entes locais, as asociacións de municipios, a sociedade civil e a cidadanía no seu conxunto; onde se elaboren as bases para a construción do novo municipalismo do Século XXI. As bases deste novo municipalismo deben partir da asunción de novas competencias, de garantir unha financiación axeitada e suficiente para as corporacións locais, e de garantir a transparencia e a participación vinculante da cidadanía.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo ao Goberno Central e a tódolos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados.

9/186 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 294/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CESIÓN Ó CONCELLO DAS INSTALACIÓNS EDUCATIVAS DO SAGRADO CORAZÓN.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar ao goberno municipal a iniciar, de forma urxente, á negociación co titular das instalacións de uso educativo do Sagrado Corazón para conseguir a súa cesión ao Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Que o Concello, canto antes, poña a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción dun centro de saúde, sempre dentro do entorno de barrio do Sagrado Corazón e, de ser posible, o máis próximos ao centro.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia para que, unha vez que conte cos terreos, constrúa de forma inmediata o centro de saúde.

10/187 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 298/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE OS VERTEDOIROIS INCONTROLADOS NO RURAL.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Iniciar unha campaña informativa nas parroquias rurais de como avisar da aparición de vertedoiros incontrolados.

SEGUNDO.- Axilizar o protocolo de actuación de retirada de residuos co fin de poder actuar de forma rápida para a súa eliminación.

11/188 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 301/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á REVISIÓN DAS CATEGORÍAS FISCAIS DAS RÚAS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento para que a catalogación actual do rueiro municipal sexa revisado e se modifique para que as vindeiras categorías fiscais resulten máis xustas e ponderadas.

SEGUNDO.- Que, para gañar en operatividade, os técnicos municipais competentes na elaboración das categorías fiscais do rueiro, sexan os que trasladan un borrador de proposta sobre todos estes estudos, documento que será obxecto de debate e estudo polos Grupos da Corporación.

12/189 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 305/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A DERROGACIÓN DA LOMCE E A ELIMINACIÓN DAS REVÁLIDAS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

SEGUNDO.- A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.

TERCEIRO.- Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua propia do noso país.

13/190 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 311/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL PERMANENTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A creación e constitución da Comisión Especial Permanente de Control e Fiscalización da Contratación do Concello de Lugo como órgano de



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap12

Asunto: EXTRACTO ACORDOS PLENO ORDINARIO DO 27-10-2016

asistencia ó Pleno, ó amparo do establecido no artigo 20.1 C) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

SEGUNDO.- Que a referida Comisión teña natureza de órgano de control e fiscalización política respecto de todos os procesos de contratación que realice calquera órgano desta Corporación.

14/191 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 312/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN ESPECÍFICO DE TRÁFICO PARA O CASCO HISTÓRICO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Local a que elabore un Plan de tráfico específico para o Casco Histórico, tendo en conta as achegas dos veciños, empresarios, hostaleiros, técnicos e forzas políticas con representación no Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Que o goberno municipal avance na peonalización de novas zonas do casco histórico, e estude a posibilidade de establecer como zona 30 aquelas zonas onde sexa técnicamente viable e así o digan os técnicos municipais.

15/192 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 313/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE USO DOS LOCAIS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Elaboración, á maior brevidade posible, dunha ordenanza que regule o procedemento e os requisitos para a cesión de espazos e locais municipais.

SEGUNDO.- Publicación na web municipal dun inventario de espazos e locais municipais no que se inclúan tanto os que se atopan xa cedidos, con referencia á entidade cesionaria e as condicións de dita cesión, como aqueles susceptibles de ser cedidos.

TERCEIRO.- Elaboración e publicación na web municipal dun calendario para consulta dos interesados, no que figuren os espazos dispoñibles, os horarios dos mesmos, facilitando a reserva do mesmo de forma telemática.

16/193 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 317/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPULSAR A MODERNIZACIÓN E MELLORA DOS SERVIZOS FERROVIARIOS NA PROVINCIA DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Remisión ao goberno central a proposta do Eixo Atlántico contida no seu 'Informe sobre Ferrocarrís da Provincia de Lugo', consistente en impulsar a modernización e mellora dos servizos ferroviarios na Provincia de Lugo tanto ó que se refire aos servizos de media distancia de tipo rexional como ós de longa distancia; modernización tendente a elevar a velocidade de circulación dos trens co obxectivo de reducir significativamente os tempos de viaxe e mellorar a oferta de transportes, incluíndo a chegada dos servizos de alta velocidade que unirán Galicia con Madrid, á Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Esta conexión deberá situar á cidade de Lugo, como referente ò final do traxecto, nos mesmos tempos de viaxe que Vigo ou A Coruña, tempo previsto ao redor das tres horas e cuarto.

TERCEIRO.- Desenvolvemento concreto da modernización, contido no informe, consistiría nesta primeira fase na modernización da liña Lugo - Ourense, para velocidades comprendidas entre os 160 e 220 km/h, cun tempo estimado entre as dúas capitais de 60 minutos, e un custo estimado de 650 millóns de euros.

CUARTO.- Dita modernización deberá así mesmo, integrar os problemas derivados do paso da liña polos núcleos urbanos, como o caso de Monforte de Lemos, e eliminar os pasos a nivel existentes no conxunto do trazado, así como contemplar o desenvolvemento da intermodalidade da cidade de Lugo como eixo estratéxico, e finalmente, integrar na devandita modernización o transporte de mercadorías con especial atención ao desenvolvemento do Porto Seco de Monforte de Lemos, polo impacto que devandito Porto Seco ten sobre o conxunto dos portos galegos e a súa competitividade para o tráfico marítimo transatlántico.

A continuación, a Excm. Alcaldesa-Presidenta, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, sinala que se vai facer un receso para permitir que os membros do Pleno poidan ir xantar e que ás 16,00 horas se volverá reanudar á sesión.

Ás dezaseis horas e cinco minutos reanúdase a sesión coa asistencia de todos os membros que integran a Corporación municipal.

17/194 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 318/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPULSAR A RESTAURACIÓN E CONVERSIÓN DO ANTIGO CUARTEL DE SAN FERNANDO EN MUSEO DA ROMANIZACIÓN / MUSEO ARQUEOLÓXICO GALAICO ROMANO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Que o edificio do Antigo Cuartel de San Fernando se destine a Museo Arqueolóxico Galaico-Romano, por considerar que reúne as condicións adecuadas para este fin e que é unha infraestrutura imprescindible nunha cidade e provincia onde a arqueoloxía é dinámica. (De tal xeito que se recollan, cataloguen, restauren, estuden, divulguen e se expoñan as pezas atopadas, tendo en conta que



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap12

Asunto: EXTRACTO ACORDOS PLENO ORDINARIO DO 27-10-2016

sería unha inversión produtiva ao crear postos de traballo e unha infraestrutura para o turismo cultural).

SEGUNDO.- Que o Concello de Lugo xunto coa Deputación Provincial colaboren coa Xunta de Galicia, e lle soliciten á administración autonómica que asuma o compromiso que ten adquirido dende hai anos para facerse cargo do edificio e para que encargue os diferentes proxectos de rehabilitación, escavación e museográfico, para desenvolver por fases debidamente orzamentadas, así como a creación formal do Museo.

TERCEIRO.- Que o Museo, como servizo cultural á sociedade, sexa proxectado como un centro multicultural no que se poidan desenvolver diversas actividades ao longo de todo ano. Integrando os posibles achados arqueolóxicos da escavación na área da zona sur do edificio para incluír no discurso expositivo que debe comprender a parte prerromana, a romanización e a etapa sueva, herdeira do mundo romano, de aí a denominación que se propón de Museo Arqueolóxico Galaico-Romano.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

18/195 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2016, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

COMPARECENCIAS

19/196 SOLICITUDE FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 288/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A COMPARECENCIA EN PLENO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA EXPLICAR DIVERSAS CUESTIÓNS RELACIONADAS CO SISTEMA ORA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia do Voceiro do Grupo Municipal Socialista, don Miguel Fernández Méndez, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

20/197 COMPARECENCIA DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA, CO

12

OBXECTO DE EXPLICAR O PROCESO DE LICITACIÓN DA INSTALACIÓN DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO E EDICIÓN E XESTIÓN DOS PROGRAMAS E REVISTAS OFICIAIS DAS FESTAS DE SAN FROILÁN, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 22/176, ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 29 DE SETEMBRO DE 2016.-

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

PÉSAME POLO PASAMENTO DO EX-CONCELLEIRO DON JOSÉ RÁBADE ARIAS.-

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 296/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE, O DÍA 25 DE NOVEMBRO, PENDURE NA FACHADA DO CONCELLO UNHA PANCARTA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.

PREGUNTA:

A) DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 315/2016 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DO CONTRATO DAS PLANTAS DEPURADORA E POTABILIZADORA.

Asdo.- A VICESECRETARIA.- María Garcia Ferro.